

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL DO DÍA 21 DE MAIO DE 2021.

PRESIDENTE:

D. CARLOS LÓPEZ FONT.

VOGAIS:

D.SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.
DONA ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL.
DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS.
DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS.
D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ.
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO.
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.
DON IGNACIO MARIL PARDO.
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS.
D. JAVIER TOURÍS ROMERO.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA.

A través dunha reunión programada de forma telemática na plataforma ZOOM, por medio de videoconferencia, sendo as 12:00 horas do día 21 de maio de 2021 asisten, baixo a Presidencia de D. Carlos López Font Presidente da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Asisten o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez e tamén

o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL, DO DÍA 23 DE ABRIL DE 2021.**

Sometido a votación o asunto, apróbanse por unanimidade a acta da reunión ordinaria da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, do día 23 de abril de 2021.



2. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE CRECENTE NA DEPUTACIÓN PARA DESENVOLVER AS FACULTADES DE RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO E AS COMPETENCIAS PROPIAS DA FASE INSTRUTORA E A COLABORACIÓN NA TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO.

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada pola directora de xestión de servizos do ORAL con data 14 de maio de 2021 na que figura o conforme do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en relación coa delegación de competencias do Concello de Crecente na Deputación de Pontevedra para desenvolver as facultades de recadación das multas de tráfico e as competencias propias da fase instrutora e a colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico, cuxo contido é o seguinte:

“O Pleno do Concello de Crecente na sesión que tivo lugar o día 25 de marzo de 2021 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades de recadación (voluntaria e executiva) das multas de tráfico, así como as competencias propias da fase instrutora e a colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico.

Vistos os informes favorables das xefaturas de servizo do órgano de xestión ORAL e informado favorablemente pola Intervención, así como o informe da Dirección de servizos do ORAL de data 14/05/2021 .

Vista a proposta de acordo da directora de servizos do ORAL, no exercicio das competencias que ten asignadas, recollidas na base 7-bis da disposición adicional V das bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra e a Resolución da presidenta nº 24866 de data 27 de decembro de 2018.

En base ao exposto o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital acorda:

PRIMEIRO.- Aceptar a delegación efectuada por acordo do Pleno municipal do Concello de Crecente, adoptado na sesión que tivo lugar o 25 de marzo de 2021, nos seguinte termos:

Delegación das facultades de Recadación (voluntaria e executiva) das multas de tráfico, así como as Competencias propias da fase instrutora e a colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico.



COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA.

Ambas partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa indicada, fundamentalmente o disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 8 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas na Deputación Provincial.

O Concello deberá prestar, polos seus servizos técnicos, a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos:

- *A emisión por ditos servizos técnicos, previa petición, dos informes necesarios, no prazo establecido no artigo 80.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para tramitar as facultades delegadas.*
- *A localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ó pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades.*
- *Poñer á disposición dos servizos tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establecen a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.*
- *A remitir a información dos valores entregados ao cobro, co formato, datos e polo canle sinalado pola Deputación*
- *A exposición pública no taboleiro de anuncios da entidade delegante e noutros lugares de costume dos edictos que se diten no exercicio das competencias delegadas.*

Pola súa parte, a Deputación Provincial:

- *Porá a disposición do Concello os medios necesarios para o subministro da colaboración e dará conta periodicamente dos resultados da xestión das competencias delegadas, poñendo a súa disposición información sobre a situación dos recursos xestionados.*
- *A Deputación asumirá a representación e defensa ante os órganos xurisdiccionais, que se levará a cabo polos Letrados do ORAL-Deputación de Pontevedra nos procesos xudiciais consecuencia do exercicio das facultades delegadas e será gratuíta para as entidades delegantes. Os gastos de Procurador, cando fora necesario, serán asumidos polo ORALDeputación de Pontevedra. O importe da condena en costas das partes contrarias nun proceso constituirán un ingreso na Tesourería da Deputación de Pontevedra- ORAL. En caso de condena en costas do ORAL-Deputación de Pontevedra, o importe da minuta será asumida pola Deputación salvo que a condena en costas fose consecuencia de sentenza.*



Así mesmo, ambas partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa reguladora, fundamentalmente as contidas no Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico do ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra, en especial:

- *Por parte do ORAL-Deputación de Pontevedra, a asunción da defensa e representación ante os órganos xurisdicionais, tanto por actos ditados en vía disciplinaria como recadatoria, así como a posta a disposición e mantemento dos medios técnico-informáticos que permitan tramitar o procedemento cunha maior eficiencia, eficacia e seguridade.*
- *Por parte do Concello, o compromiso de cumprir cos prazos establecidos no Regulamento citado, relativos á gravación das denuncias e principalmente á devolución da documentación conformada trasladada polo ORAL, así como proporcionarlle ao ORAL-Deputación os instrumentos necesarios para facilitar a tramitación da documentación que sustenta o procedemento sancionador en materia de tráfico.*

NORMATIVA.

A delegación sométese ás condicións establecidas na seguinte normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico do ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra, Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

O concello ten atribuída legalmente a potestade regulamentaria, que, no ámbito fiscal (art. 15 do TRLHL) consiste en acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes. A Deputación ten aprobada unha ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) cuxa función é, entre outras, complementar as ordenanzas municipais. Con todo, en caso de conflito entre ambas regulacións, sempre que verse sobre as facultades especificamente delegadas na Deputación, no que respecta á recadación e ás normas de eficiencia en economía, prevalece o establecido na normativa específica do órgano de xestión tributaria, e o municipio, no seu caso, adaptará ou modificará a súa ordenanza. No suposto de desacordo entre ambas administracións, calquera delas poderá revogar a delegación ou a súa aceptación, ben para o artigo ou artigos afectados ou ben para a facultade delegada. En todo caso, a



DPP-ORAL colaborará co Concello na actualización ou conformidade coa normativa vixente das OOFF cuxos ingresos foron obxecto de delegación.

CONDICIÓNNS ECONÓMICAS.

A contraprestación polo exercicio da delegación é o fixado na normativa da DPP-ORAL que se acompaña ao presente acordo. As condicións económicas poderán ser revisables, dentro do período pactado ou as súas prórrogas, cando o custo do servizo se altere e/ou veñan establecidas por disposicións de obrigado cumprimento.

CONFIDENCIALIDADE.

Terá a consideración de información confidencial toda a información susceptible de ser revelada por escrito, de palabra ou por calquera outro medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que posibilite o estado da técnica no futuro, intercambiada como consecuencia deste acordo, salvo aquela información que deba ser pública segundo o establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Tamén terá carácter confidencial os datos de carácter persoal segundo o previsto no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, salvo que de forma expresa autorícese a comunicación ou a cesión. Con todo, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, a que sexa de acceso público.

As partes obríganse con respecto á información e material que puidesen recibir como consecuencia deste acordo a:

- a) Utilizar a información de forma reservada.*
- b) Non divulgar nin comunicar a información facilitada ou recibida, salvo resolución motivada nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- c) Impedir a copia ou revelación desa información a terceiros, salvo que goce de aprobación escrita das partes e unicamente nos termos de tal aprobación.*
- d) Restrinxirse o acceso á información aos seus empregados e colaboradores, salvo na medida en que razoablemente poidan necesitala para o cumprimento das súas tarefas acordadas.*



e) *Non utilizar a información ou fragmentos desta para fins distintos da execución deste acordo.*

f) *Cumprir con todos os termos fixados no presente acordo e moi especialmente aqueles relativos á confidencialidade e obriga de secreto, mantendo esta confidencialidade e evitando revelar a información a toda persoa que non sexa empregado.*

As partes comprométense a manter o compromiso de confidencialidade respecto á información e material facilitado e recibido en virtude do presente acordo de forma indefinida tras a súa finalización.

PROTECCIÓN DE DATOS.

O Concello terá a consideración de responsable do tratamento, conforme ao establecido no artigo 24 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, así como no artigo 28 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento as obrigas contidas na normativa sobre protección de datos, especialmente o referido ao deber de información na recollida dos datos persoais.

A Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL terá a consideración de encargado de tratamento, conforme ao establecido no artigo 28 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, así como no artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento, ás obrigas incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

- *Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.*
- *Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.*
- *Levar por escrito, segundo o artigo 30 do RGPD, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.*
- *Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordó coas instrucións deste último.*



- *Manter o deber de secreto respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.*
- *Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente. O encargado manterá ao dispor do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obriga.*
- *Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.*
- *Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obriga de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitará ao responsable, a requirimento deste, e o máis axiña posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos . No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informarlles a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso a través de <https://www.depo.gal/proteccionde-datos/exercicio-de-dereitos>.*
- *No caso de que se prevexa a recollida de datos directamente polo encargado do tratamento, este facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento da recollida destes. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar co responsable e dará cumprimento en todo caso ás esixencias previstas no RGPD.*
- *Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación do incidente, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RGPD.*
- *Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.*
- *Implantar as previsións recollidas no Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:*
 - *Garantir a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos sistemas e servizos de tratamento.*



- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
- Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.
- Comunicar ao responsable a identidade e datos de contacto da persoa delegada de protección de datos da Deputación de Pontevedra que é accesible a través da páxina <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/persoa-delegada>.
- Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

En consecuencia o acceso a datos de carácter persoal no marco deste acordo realízase co único fin de permitir unha adecuada prestación dos servizos e non se considerará como unha cesión ou comunicación de datos.

ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA

A delegación terá unha vixencia, segundo a base 3 (Delegación de competencias) da Disposición adicional V das Bases de Execución do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra, de dez anos, contados desde a data de formalización do acordo, prorrogables por períodos de cinco anos excepto denuncia expresa de calquera das partes. A denuncia deberá efectuarse cun prazo dun ano de antelación á data prevista de finalización da vixencia do mesmo.

A delegación esténdese a todos os ingresos públicos polo concepto ou conceptos delegados que non estean prescritos.

O contido deste acordo, unha vez aceptado polo pleno da Deputación de Pontevedra e publicado en extracto no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor ao día seguinte da súa preceptiva publicación Diario Oficial de Galicia. Á entrada en vigor do acordo quedarán sen efecto os acordos adoptados con anterioridades sobre a mesma materia e que sexan de vixencia incompatible.

SEGUNDO.- *Facultase á Presidencia para a sinatura da documentación que sexa necesaria para a execución do presente acordo.*



TERCEIRO.- Este acordo polo que se acepta a delegación efectuada polo Concello de Crecente farase público mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. “

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, sete (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á delegación de competencias do Concello de Crecente na Deputación de Pontevedra para desenvolver as facultades de recadación das multas de tráfico e as competencias propias da fase instrutora e a colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do Partido Popular e do BNG.

3. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DAS NEVES NA DEPUTACIÓN PARA DESENVOLVER AS FACULTADES DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POR SUMIDOIROS.

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada pola directora de xestión de servizos do ORAL con data 14 de maio de 2021 na que figura o conforme do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía,



Facenda e ORAL, en relación coa delegación de competencias do Concello das Neves na Deputación de Pontevedra para desenvolver as facultades de xestión, liquidación e recadación da taxa por sumidoiros, cuxo contido é o seguinte:

“O Pleno do Concello das Neves na sesión que tivo lugar o día 04 de maio de 2021 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades de xestión, liquidación e recadación da seguinte taxa por servizo de sumidoiros.

O artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Vistos os informes favorables das xefaturas de servizo do órgano de xestión ORAL e informado favorablemente pola Intervención, así como o informe da Dirección de servidos do ORAL de data 14/05/2021.

Vista a proposta de acordo da directora de servizos do ORAL, no exercicio das competencias que ten asignadas, recollidas na base 7-bis da disposición adicional V das bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra e a Resolución da presidenta nº 24866 de data 27 de decembro de 2018.

*En base ao exposto o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital **acorda:***

PRIMEIRO.- Acéptase a delegación efectuada por acordo do Pleno municipal do Concello das Neves, adoptado na sesión que tivo lugar o 04 de maio de 2021, nos seguinte termos:

Delegación das facultades de xestión, liquidación e recadación da seguinte taxa por servizo de sumidoiros.

COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA.

Ambas partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa indicada, fundamentalmente o disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 8 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas na Deputación Provincial.



O Concello deberá prestar, polos seus servizos técnicos, a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos:

- *A emisión por ditos servizos técnicos, previa petición, dos informes necesarios, no prazo establecido no artigo 80.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para tramitar as facultades delegadas.*
- *A localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ó pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades.*
- *Poñer á disposición dos servizos tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establecen a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.*
- *A remitir a información dos valores entregados ao cobro, co formato, datos e polo canle sinalado pola Deputación*
- *A exposición pública no taboleiro de anuncios da entidade delegante e noutros lugares de costume dos edictos que se diten no exercicio das competencias delegadas.*

Pola súa parte, a Deputación Provincial:

- *Porá a disposición do Concello os medios necesarios para o subministro da colaboración e dará conta periodicamente dos resultados da xestión das competencias delegadas, poñendo a súa disposición información sobre a situación dos recursos xestionados.*
- *A Deputación asumirá a representación e defensa ante os órganos xurisdicionais, que se levará a cabo polos Letrados do ORAL-Deputación de Pontevedra nos procesos xudiciais consecuencia do exercicio das facultades delegadas e será gratuíta para as entidades delegantes. Os gastos de Procurador, cando fora necesario, serán asumidos polo ORAL-Deputación de Pontevedra. O importe da condena en costas das partes contrarias nun proceso constituirán un ingreso na Tesourería da Deputación de Pontevedra- ORAL. En caso de condena en costas do ORAL-Deputación de Pontevedra, o importe da minuta será asumida pola Deputación salvo que a condena en costas fose consecuencia de sentenza desfavorable que teña a súa orixe en trámites, accións ou omisións causadas pola entidade delegante, suposto no que será asumido por dita entidade*

NORMATIVA.

A delegación sométense ás condicións establecidas na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos aprobada polo Pleno da Deputación Provincial, na Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación



de recursos locais (ORAL) aprobada polo Pleno da Deputación Provincial, e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

O concello ten atribuída legalmente a potestade regulamentaria, fiscal neste caso (art. 15 do TRLHL), que consiste en acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes. A Deputación ten aprobada unha ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) cuxa función é, entre outras, complementar as ordenanzas municipais. Con todo, en caso de conflito entre ambas as regulacións, sempre que verse sobre as facultades especificamente delegadas na Deputación, primará a regulación provincial e o municipio, no seu caso, adaptará ou modificará a súa ordenanza. No suposto de desacordo entre ambas administracións, calquera delas poderá revogar a delegación o a súa aceptación, ben para o artigo ou artigos afectados ou ben para a facultade delegada. En todo caso, a DPP-ORAL colaborará co Concello na actualización ou conformidade coa normativa vixente das OO.FF cuxos ingresos foron obxecto de delegación.

CONDICIÓNS ECONÓMICAS.

A contraprestación polo exercicio da delegación é o fixado na normativa da DPP.ORAL que se acompaña ao presente acordo. As condicións económicas poderán ser revisables, dentro do período pactado ou das súas prórrogas, cando o custo do servizo se altere e/ou veñan establecidas por disposicións de obrigado cumprimento.

CONFIDENCIALIDADE.

Terá a consideración de información confidencial toda a información susceptible de ser revelada por escrito, de palabra ou por calquera outro medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que posibilite o estado da técnica no futuro, intercambiada como consecuencia deste acordo, salvo aquela información que deba ser pública segundo o establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Tamén terá carácter confidencial os datos de carácter persoal segundo o previsto no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, salvo que de forma expresa autorícese a comunicación ou a cesión. Con todo, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, a que sexa de acceso público.



As partes obríganse con respecto á información e material que puidesen recibir como consecuencia deste acorda a:

- a) Utilizar a información de forma reservada.*
- b) Non divulgar nin comunicar a información facilitada ou recibida, salvo resolución motivada nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- c) Impedir a copia ou revelación desa información a terceiros, salvo que goce de aprobación escrita das partes e unicamente nos termos de tal aprobación.*
- d) Restringirse o acceso á información aos seus empregados e colaboradores, salvo na medida en que razoablemente poidan necesitala para o cumprimento das súas tarefas acordadas.*
- e) Non utilizar a información ou fragmentos desta para fins distintos da execución deste acordo.*
- f) Cumprir con todos os termos fixados no presente acordo e moi especialmente aqueles relativos á confidencialidade e obriga de secreto, mantendo esta confidencialidade e evitando revelar a información a toda persoa que non sexa empregado.*

As partes comprométense a manter o compromiso de confidencialidade respecto á información e material facilitado e recibido en virtude do presente acordo de forma indefinida tras a súa finalización.

PROTECCIÓN DE DATOS.

O Concello terá a consideración de responsable do tratamento, conforme ao establecido no artigo 24 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, así como no artigo 28 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento as obrigas contidas na normativa sobre protección de datos, especialmente o referido ao deber de información na recollida dos datos persoais.

A Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL terá a consideración de encargado de tratamento, conforme ao establecido no artigo 28 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, así como no artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento, ás obrigas incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:



- *Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.*
- *Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.*
- *Levar por escrito, segundo o artigo 30 do RGPD, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.*
- *Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.*
- *Manter o deber de secreto respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.*
- *Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente. O encargado manterá ao dispor do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obriga.*
- *Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.*
- *Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obriga de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitará ao responsable, a requirimento deste, e o máis axiña posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos . No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informarlles a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso a través de <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.*
- *No caso de que se prevexa a recollida de datos directamente polo encargado do tratamento, este facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento da recollida destes. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar*



co responsable e dará cumprimento en todo caso ás esixencias previstas no RGPD.

- *Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación do incidente, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RGPD.*
- *Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.*
- *Implantar as previsións recollidas no Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:*
 - *Garantir a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos sistemas e servizos de tratamento.*
 - *Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.*
 - *Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.*
 - *Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.*
- *Comunicar ao responsable a identidade e datos de contacto da persoa delegada de protección de datos da Deputación de Pontevedra que é accesible a través da páxina <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/persoa-delegada>.*
- *Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.*

En consecuencia o acceso a datos de carácter persoal no marco deste acordo realízase co único fin de permitir unha adecuada prestación dos servizos e non se considerará como unha cesión ou comunicación de datos.

ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA



A delegación terá unha vixencia, segundo a base 3 (Delegación de competencias) da Disposición adicional V das Bases de Execución do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra, de dez anos, contados desde a data de formalización do acordo, prorrogables por períodos de cinco anos excepto denuncia expresa de calquera das partes. A denuncia deberá efectuarse cun prazo dun ano de antelación á data prevista de finalización da vixencia do mesmo.

A delegación esténdese a todos os ingresos públicos polo concepto ou conceptos delegados que non estean prescritos.

O contido deste acordo, unha vez aceptado polo pleno da Deputación de Pontevedra e publicado en extracto no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o día seguinte a súa preceptiva publicación Diario Oficial de Galicia.

SEGUNDO.- *Facultase á Presidencia para a sinatura da documentación que sexa necesaria para a execución do presente acordo.*

TERCEIRO.- *Este acordo polo que se acepta a delegación efectuada polo Concello das Neves farase público mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.“*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, sete (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha.



A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á delegación de competencias do Concello das Neves na Deputación de Pontevedra para desenvolver as facultades de xestión, liquidación e recadación da taxa por sumidoiros, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do Partido Popular e do BNG.

4. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE, PARA A MUTACIÓN DEMANIAL A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA DE VARIOS ESPAZOS DO EDIFICIO “CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL” PRINCIPE FELIPE PARA DESTINALOS AO CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL CARLOS OROZA.

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada polo Secretario Xeral e a Directora de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe con data 18 de maio de 2021, en relación coa aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para a mutación demanial a favor da Xunta de Galicia de varios espazos do edificio “*Centro de Educación Especial*” Príncipe Felipe para destinalos ao Centro Integrado de Formación Profesional Carlos Oroza, cuxo contido é o seguinte:

“Visto o informe- proposta emitido pola Dirección do Centro Príncipe Felipe co visto e praxe da Deputada Delegada asinado electrónicamente con data de 12 de abril de 2021, co seguinte tenor literal:

“ANTECEDENTES

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra é titular en pleno dominio dos terreos e construcións da Ciudad Infantil Príncipe Felipe, de agora en diante Centro Príncipe Felipe (CPF), na Avda. Montecelo en Pontevedra. O dito centro está configurado sobre unha parcela total de 149.938 m², a cal alberga diferentes edificacións que forman parte do recinto.

OCP defínese como un recurso de acollemento residencial para a infancia e a adolescencia de entre 0 e 18 anos, de ambos sexos, en situación de risco, desamparo ou circunstancias de especiais dificultades das familias, do que é titular a Deputación de Pontevedra.



Segundo.- Á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria correspóndenlle as atribucións, facultades, competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.

Terceiro.- En virtude do disposto nos artigos 47 e seguintes da lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local, con data 30 de outubro de 1996 asinouse, entre ambas administracións públicas, o “Convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Excelentísima Deputación de Pontevedra sobre a promoción das ensinanzas da familia profesional de hostaleira e turismo”.

Dito convenio tiña por obxecto establecer as condicións de colaboración entre ambas Administracións así como determinar os espazos, medios materiais e humanos precisos para a implantación no CPF das ensinanzas da familia profesional de Hostalería e Turismo. A vixencia do acordo oficializouse para un período de 25 anos, información da que se desprende que dito acordo extínguese o 30 de outubro do exercicio 2021.

O convenio establece as condicións de colaboración entre ambas administracións: determinación dos medios humanos e materiais.

Respecto dos medios materiais subliñase a cesión do uso do “Edificio de aulas” e o uso compartido das instalacións denominadas “Edificio de cociña, comedor-bar-cafetería”, vestiarios de profesores, os vestiarios de alumnos, os vestiarios de alumnas e a zona de economato-almacén.

Quinto.- O incremento paulatino da oferta formativa implicou que no curso 1996/1997 comezan a impartirse dous Ciclos Formativos de Grao Medio: Cociña e Servizos de Restauración e Bar; no curso seguinte foi incorporando o Ciclo Formativo de Grao Medio de Pastelería e Panadería e, no curso 1998/1999 foron implantados dous Ciclos Formativos de Grao Superior: Restauración e Información e Comercialización Turísticas. Posteriormente, no ano 2003 integrouse o Ciclo Formativo de Grao Superior de Aloxamento.

O crecemento exponencial do centro configurado para a promoción das ensinanzas da familia profesional de hostalería e turismo deu lugar ao



actualmente denominado Centro Integrado de Formación Profesional Carlos Oroza (en diante CIFP Carlos Oroza).

Sexto.- Con data de 14 de xaneiro de 2021 tivo lugar a reunión da Comisión de Coordinación, Seguimento, Control e Supervisión do Convenio de Cooperación Educativa entre a Conselleira de Cultura, Educación e OU e a Deputación de Pontevedra, creada para o seguimento do convenio de colaboración que actualmente está en vigor e mencionado no antecedente terceiro do presente informe, a fin de consensuar decisións sobre a promoción das ensinanzas da familia profesional de Hostelería e Turismo.

Da Acta da reunión despréndese o interese de ambas as dúas administracións de articular un novo convenio de colaboración para a cesión de varios espazos a favor da Xunta de Galicia a fin de destinalos ao CIFP Carlos Oroza, sinalando e consensuando por ambas partes que esta figura xurídica podería tratarse dunha antesala para a tramitación da transferencia da titularidade dos bens obxecto da cesión de uso.

Sétimo.- A vista do exposto, e tal e como se recolle na Acta da reunión da Comisión de Coordinación, Seguimento, Control e Supervisión do Convenio de Cooperación Educativa, foi remitido a consellería un Borrador do Convenio de Colaboración e, mediante informe emitido polo Centro xestor Príncipe Felipe, de data 20/01/2021, solicitouse que se iniciaran os trámites para aprobación dun “convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, para a mutación demanial a favor da Xunta de Galicia de varios espazos dos edificio denominado “Centro de Educación Especial” e “Anexo ó Centro Carlos Oroza” do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra para destinalos ao Centro Integrado de Formación Profesional Carlos Oroza” (Exp. nº 2020036131).

Oitavo.- O texto do borrador do convenio recollía que os bens obxecto de cesión sitúanse en varios espazos do edificio denominado “Centro de Educación Especial” e o denominado “Edificio Anexo”.

Noveno.- Iniciados os trámites administrativos, a Secretaría Xeral emite informe asinado electrónicamente con data de 26/02/2021 concluído que a mutación demanial proposta enténdese xuridicamente factible, en tanto, considera preciso para a tramitación do expediente, que se incorpore certificado da inscrición dos bens no inventario provincial e de inscrición rexistral a nome da Deputación de Pontevedra.



Décimo.- En cumprimento do previsto no informe da Secretaría Xeral, polo Centro Príncipe Felipe incorporase ao expediente Certificación rexistral de titularidade do edificio denominado "Centro de Educación Especial" inscrito no Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Deputación de Pontevedra co número de inventario 1.1.00013.

No obstante, non é posible incorporar certificación de titularidade nin certificación no Inventario de Bens da Deputación Provincial do edificio denominado "Anexo ó Centro Carlos Oroza".

En consecuencia co exposto, a Intervención Xeral emite informe de fiscalización con data de 24 de marzo de 2021, mediante o cal expón que "non consta no expediente a titularidade nin a inscrición no Inventario de Bens da Deputación Provincial o edificio denominado "Anexo ó Centro Carlos Oroza" polo que, para dar cumprimento o recollido no artigo 74.1 d do RLPAP, debe aportarse a documentación identificativa do ben o que implica a súa depuración física e xurídica mediante inscrición no Inventario Provincial e no Rexistro da Propiedade no seu caso", concluído que o expediente é devolto para que sexa solventado o anteriormente recollido.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*
- *Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*
- *Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*
- *Bases de execución do Orzamento Provincial e demais lexislación que sexa de aplicación.*

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- Polo Centro Príncipe Felipe elaborase un novo borrador do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, no cal é obxecto de mutación demanial os bens que actualmente se atopan inscritos no rexistro da Propiedade e no Inventario de Bens da Deputación de Pontevedra.



Exclúese polo tanto como ben obxecto da cesión proposta o edificio denominado “Anexo ó Centro Carlos Oroza” ata que se proceda a depuración física e xurídica do dito ben mediante a inscrición no Inventario Provincial e no Rexistro da Propiedade.

II.- O Regulamento de Organización e Funcionamento Institucional do CIPF aprobado na sesión do ordinaria do Pleno celebrada o 23 de febreiro de 2018, regula no seu artigo 182 a relación e colaboración cos centros situados dentro do recinto, facendo referencia entre outros ao CIPF Carlos Oroza, indicando que as relacións estableceranse non só desde o punto de vista da escolarización e das relacións establecidas nos diferentes convenios subscritos, senón tamén atendendo a criterios de colaboración para contribuír, dentro das posibilidades da Institución Provincial, ao desenvolvemento dos seus respectivos proxectos educativos.

Segundo se desprende da Acta da reunión da Comisión de Coordinación, Seguimento, Control e Supervisión do Convenio de Cooperación Educativa, que tivo lugar o día 14 de xaneiro de 2021, ámbalas dúas administracións manifestan un interese real en contribuír de xeito activo á consolidación do CIPF Carlos Oroza como centro de referencia no sector.

III.- A Dirección do CIPF Carlos Oroza ven manifestando dun xeito constante á Dirección da CIPF a súa preocupación e interese pola formalización dun novo convenio unha vez se extinga o que está en vigor, no que se recolla o reflexo da realidade actual.

IV.-En colación co anterior e considerando que a data de extinción do convenio de colaboración é o 30 de outubro do ano 2021, dado o afianzamento e consolidación do CIPF Carlos Oroza como centro de referencia da provincia no ámbito das ensinanzas da familia profesional de hostalaría e turismo a Dirección do Centro Príncipe Felipe, para ambas partes resulta de interese establecer unha nova cesión de espazos por parte da Deputación de Pontevedra a favor da Consellería de Educación, así como establecer novas condicións axeitadas ás necesidades actuais.

V.- A Lei 5/2011, de 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 25 regula a mutación demanial a favor de outras Administracións Públicas, o cal resulta aplicable ás Administracións Locais segundo o disposto na súa Disposición Adicional segunda



VI.- O artigo 50 da Lei 40/2015, de 30 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), regula os trámites preceptivos para a subscrición de convenios, concretamente o apartado un establece a necesidade de realización dunha memoria xustificativa onde se analice a necesidade de articular o convenio, oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual do mesmo, así como o cumprimento do previsto na Lei.

En cumprimento do citado precepto e en consideración dos antecedentes expostos, polo CPF realízase á memoria xustificativa a cal se achega ao presente informe.

VII.- Tal e como se recolle no texto do convenio o espazo obxecto de cesión sitúase no edificio denominado "Centro de Educación Especial", tal e como figura no Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Deputación de Pontevedra co número de inventario 1.1.00013 e na certificación rexistral incorporada ao presente expediente e emitida o 18 de xuño de 2020 polo Rexistro da Propiedade de Pontevedra.

Ademais da superficie construída da edificación, é obxecto do presente convenio a superficie perimetral exterior destinada a zona verde e aparcamento.

Os datos relativos á superficie cedida a súa valoración económica e impacto son os que se recollen na memoria xustificativa mencionada no apartado VI dos fundamentos xurídicos e técnicos do presente informe así como no ANEXO 1 – PLANOS do convenio proposto.

VII.- O Convenio atópase rexistrado polo centro xestor na plataforma CIVIDAS-Xestión de Convenios (Exp. 2021000003).

PROPOSTA

En base ao anteriormente exposto achégase ao presente informe o novo borrador do convenio de colaboración entre a Institución Provincial e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e se realiza a seguinte proposta:

A aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, para a mutación demanial a favor da Xunta de Galicia de varios espazos dos edificio denominado "Centro de Educación Especial" do Centro



Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra para destinalos ao Centro Integrado de Formación Profesional Carlos Oroza.”

Vistos os informes favorables que obran no expediente emitidos pola Secretaría Xeral de datas 26 de febreiro e 05 de maio de 2021 emitidos conxuntamente polo Vicesecretario e polo Secretario Xeral, nos que se dispón entre outras cuestións que o acordo que se adopte diferencie como puntos independentes a aprobación do convenio en cuestión e a aprobación expresa da mutación demanial nas condicións establecidas a favor da Xunta de Galicia.

Visto o informe complementario emitido polo Centro Xestor de data 10 de maio de 2021 .

Visto o informe de fiscalización asinado dixitalmente o día 18 de maio de 2021, no cal recolle as seguintes observacións “De acordo co establecido na Resolución Presidencial de 3 de maio de 2017, (nº rex.2017008767), en relación coa remisión ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen coa Deputación e os seus organismos dependentes, e no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector Público (LRXSP) e na súa normativa de desenrolo (Instrución do Tribunal de Contas-Resolución de 2 de decembro de 2016) as entidades locais deben remitir anualmente, e por procedemento telemático, unha relación certificada comprensiva dos convenios formalizados pola entidade local (e as súas entidades dependentes) no exercicio anterior calquera que fose o seu importe, e antes de que conclúa o mes de febreiro do exercicio seguinte ao que se refira. Asemade, deberán comunicarse as incidencias que se produciran durante a súa execución (modificación/s, prórroga/s ou variación/s de prazo/s, etc.) no prazo dos 3 meses seguintes á data na que se produzan.

A competencia para a cesión e mutación de bens demaniais correspondería á la Presidencia, segundo se recolle na la Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non obstante, tal como recolle o Sr. Vicesecretario no seu informe “A mutación en concreto que se trata ten un amplo obxecto e, destacadamente, implica a posibilidade de investimentos por parte da Administración cesionaria cunha moi notable proxección temporal, o que podería achegala a un acto de disposición (dereito de superficie). Polo tanto, en conclusión e a salvo posibles pronunciamentos que se puideran atopar, para maior seguridade e atendendo ás características propias desta mutación, considérase o Pleno como órgano competente e, sostendo tal competencia, con maioría absoluta do seu número legal de



membros (apartado ñ) do art. 47.2 da Lei 7/1985)”, concluíndo que, coas observacións sinaladas, informase favorablemente a tramitación do expediente

Considerando o interese público implícito na actuación que implica a dúas Administracións públicas e que o servizo que se lle vai a dar o ben segue sendo de carácter público pois este non se desafecta. Por iso, enténdese procedente de acordo coa lexislación patrimonial galega proceder directamente á aprobación do convenio, resultando innecesaria a exposición pública que puidera si selo de tratarse dunha cesión a unha entidade privada.

Considerando o sinalado no informe da Secretaría Xeral así como o disposto no artigo 70.14 do RD2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e, en consonancia co previsto no artigo 47.2 (apartado ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a competencia para aprobar a presente mutación demanial atribúeselle ó Pleno.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:

Primeiro.- *A aprobación do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para a mutación demanial a favor da Xunta de Galicia de varios espazos do edificio “Centro de Educación Especial” Príncipe Felipe da Deputación Provincial de Pontevedra para destinalos ao Centro Integrado de Formación Profesional Carlos Oroza”, cuxo texto é o seguinte:*

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE, PARA A MUTACIÓN DEMANIAL A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA DE VARIOS ESPAZOS DO EDIFICIO “CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL” PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA DESTINALOS AO CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL CARLOS OROZA

INTERVEÑEN

Dunha parte, a presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, Dona M^a Carmen Silva Rego, actuando no nome e representación desa institución provincial, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 61.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.



Doutra parte, Don Román Rodríguez González, quen actúa no nome e representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, e no uso das atribución que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Actúan Don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, e Don Manuel Vila López en calidade de secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións públicas e, para estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- As entidades de dereito públicas poden celebrar convenios en virtude do disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e o artigo 111 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

II.- A Deputación Provincial de Pontevedra é titular en pleno dominio dos terreos e construcións da Cidade Infantil Príncipe Felipe, de agora en diante Centro Príncipe Felipe (CPF), na avenida Montecelo en Pontevedra.

O CPF está configurado sobre unha parcela total de 149.938 m², a cal alberga diferentes edificacións que forman parte do recinto.

III.- Con data 30 de outubro de 1996 asinouse o “Convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Excelentísima Deputación de Pontevedra sobre a promoción das ensinanzas da familia profesional de hostaleira e turismo”.

O dito convenio tiña por obxecto establecer as condicións de colaboración entre ambas as administracións, así como determinar os espazos, medios materiais e humanos precisos para a implantación no CPF das ensinanzas da familia profesional de Hostalería e Turismo:

Por unha parte a Deputación cederá durante vinte e cinco anos á Consellería de Educación os espazos sitos na CPF de denominados “Edificios de aulas”, onde terá lugar o desenvolvemento de parte das actividades formativas. Así mesmo a



Deputación comprometeuse a realizar as adaptacións necesarias nas referidas instalacións para poder impartir as ensinanzas de hostalaría e turismo.

As instalacións denominadas “Edificio de cociña, comedor-bar-cafetería” (talleres de prácticas), serán de uso compartido para ambas Administracións, con excepción da zona de comedores, anexa á cafetería-bar, que é de utilización exclusiva para persoal docente e alumnos, así como tamén os vestiarios de profesores, os vestiarios de alumnos, os vestiarios de alumnas e a zona de economato-almacén.

IV.- No curso 1996/1997 comezan a impartirse dous ciclos formativos de grao medio: Cociña e Servizos de Restauración e Bar. A oferta formativa amplíase o curso seguinte, incorporándose o ciclo formativo de grao medio de Pastelería e Panadería.

No curso 1998/1999 foron implantados dous ciclos formativos de grao superior: Restauración e Información e Comercialización Turísticas. Posteriormente, no ano 2003 integrouse o ciclo formativo de grao superior de Aloxamento.

A impartición de novas titulacións evidenciou o crecemento exponencial do CIFP Carlos Oroza e, polo tanto, unha necesidade de ampliar espazos, circunstancia que supuxo o seu traslado a outras instalacións dentro do CPF, a fin de cumprir co seu programa formativo.

V.- Resulta de interese das partes continuar a colaboración para a promoción das ensinanzas da familia profesional de Hostalería e Turismo. Tendo en consideración a proximidade da data de vencemento do convenio é necesario establecer unha nova cesión de espazos por parte da Deputación Provincial de Pontevedra a favor da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como establecer novas condicións axeitadas ás necesidades actuais.

VI.- O inmovible que será obxecto da mutación demanial do presente convenio é unha parte da edificación denominada “Centro de Educación Especial” (Inventario de Xeral de Bens e Dereitos número 1.1.00013) cunha superficie construída de 3.560,40 m² e a superficie perimetral exterior destinada a zona verde e aparcamento, que supón un total de 2.740 m².

O espazo obxecto da mutación demanial recóllese no ANEXO 1 – PLANOS, elaborado e asinado electrónicamente con data 29.04.2021 pola técnica de mantemento do CPF, e no documento de valoración do dereito de cesión dos bens, elaborado polo técnico taxador Don Manuel Novas Medin e asinado electrónicamente con data 13.04.2021. Ambos os documentos achéganse co presente convenio.

VII.- A Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 25 regula a mutación demanial a favor doutras



administracións públicas, o cal resulta aplicable ás administracións locais segundo o disposto na súa disposición adicional segunda.

As partes, coa fin de conciliar os seus intereses e co fin de promocionar a educación e o emprego na provincia, subscriben o presente convenio que asinan con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do convenio é establecer e concretar o réxime de colaboración para efectuar unha mutación demanial por parte da Deputación Provincial de Pontevedra a favor da Xunta de Galicia – Consellería de Cultura, Educación e Universidade- dun espazo, libre e vacuo, do edificio denominado “Centro de Educación Especial” do CPF, así como dunha superficie perimetral destinada a zona e aparcamento, coa fin desenvolver as actividades formativas ofertadas polo CIFP Carlos Oroza.

Tal e como recolle o expoñendo VI, o espazo do edificio que é obxecto desta mutación demanial é o que figura no ANEXO 1 – PLANOS e no documento de valoración do dereito de cesión dos bens.

Para a efectividade da citada mutación, cada unha das partes deberá tramitar os procedementos que correspondan segundo o disposto na normativa vixente en materia de patrimonio das administracións públicas, de conformidade co disposto no artigo 99 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade autónoma de Galicia, e a normativa de aplicación ás entidades locais.

SEGUNDA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ASINADO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA O 30.10.1996

As partes acordan de mutuo acordo a resolución do “Convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Excelentísima Deputación de Pontevedra sobre a promoción das ensinanzas da familia profesional de hostaleira e turismo” asinado o 30.10.1996 que queda sen efecto coa acta de entrega da posesión dos bens.

TERCEIRA.- OBRIGAS DAS PARTES

Pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade:

Afectará o espazo do edificio “Centro de Educación Especial” que se detalla no ANEXO 1 – PLANOS e no documento de valoración do dereito de cesión dos bens, única e exclusivamente ao desenvolvemento das actividades formativas



do CIFP Carlos Oroza, sen que sexa polo tanto posible a transmisión do dereito de uso a terceiros.

Asumir a totalidade dos gastos vinculados en todo caso ao espazo afectado, entre os que se atopan, entre outros, os que se detallan a continuación:

- a) Gastos de xestión, explotación, administración e funcionamento do centro.
- b) Gastos ordinarios de reparacións, mantemento e conservación dos espazos cedidos, tanto de pequena envergadura como grandes reparacións que sexan necesarias para o uso adecuado do edificio.
- c) Gastos correntes das subministracións: auga, gasóleo, enerxía eléctrica, telecomunicacións, etc.
- d) Gastos de mantemento dos sistemas contra incendios, calefacción e auga quente sanitaria.
- e) Gastos que se leven a cabo e que repercutan con carácter xeral na totalidade dos equipamentos que alberga o recinto.
- f) Gastos de limpeza.
- g) Gastos de taxas e tributos de calquera clase correspondentes ao espazo cedido.
- h) Gastos de notaría e rexistro da cesión de uso así como aqueles derivados de tal cesión e, en concreto, o importe do contrato de servizos que contempla a descrición, identificación completa e taxación do ben cedido, ao ser a cesionaria, e segundo o artigo 25.4 da Lei de patrimonio de Galicia. O seu importe ascende a 2.924,00 €.

Neste senso, a Deputación repercutirá á Xunta de Galicia a parte proporcional dos gastos do inmovible que corresponda ao espazo afectado e que foran pagados previamente pola Deputación, daqueles gastos que non podan ser individualizados para o espazo cedido dentro do edificio "Centro de Educación Especial", tales como subministracións (auga, enerxía eléctrica, etc.), mantemento da instalación de incendios, etc.

Aos efectos do recollido no parágrafo anterior, establécense as seguintes porcentaxes a aplicar:

Concepto	Porcentaxe
Auga e electricidade ⁽¹⁾	10,94 %
Biomasa, gas natural, mantemento dos sistemas de protección contra incendios, mantemento da calefacción e auga quente sanitaria ⁽²⁾	6,80 %

(1) Para o cálculo desta porcentaxe tívose en conta a superficie do terreo perimetral.

(2) Para o cálculo desta porcentaxe tívose en conta unicamente a superficie correspondente á edificación.



A repercusión destes gastos calcularase en base á superficie do espazo afectado en relación á superficie total do CPF.

Executar a súa costa as obras de restauración, reforma, adecuación, obras accesorias, obras de demolición vinculadas ao espazo afectado necesarias para que este se atope en condicións de seguridade, salubridade, ornato público e decoro esixidos pola normativa vixente.

Concretamente, será necesaria a instalación de dous cerramentos que limiten a superficie perimetral exterior, obxecto da mutación demanial no presente convenio e sinalada na expoñendo VI, de acordo co sinalado nos planos nº 4 e nº 5 do ANEXO 1 – PLANOS do presente convenio. En termos xerais, quedan descartados os cerramentos opacos, esixindo portais de acceso en ambas as zonas dende o interior do recinto da Cidade Infantil Príncipe Felipe.

Todas as obras e reformas que por parte da Consellería se pretendan realizar, deberán ser comunicadas previamente á Deputación para a súa autorización por parte da institución provincial. As ditas obras pasarán a formar parte da edificación obxecto da mutación, e pertencerán á Deputación Provincial de Pontevedra.

O equipamento e mobiliario específico da formación impartida polo CIFP Carlos Oroza, en todo caso, pertencerá á Xunta de Galicia- Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

- Con carácter xeral, manter e conservar adecuadamente o inmovible e as zonas exteriores perimetrais (zonas axardinadas, aparcadoiros, hortas, etc.), á marxe de que esta acción derive ou non en consecuencias económicas.

- Responder dos danos e perdas que se puideran ocasionar no espazo afectado do inmovible durante o prazo da cesión de uso. Neste senso a Xunta de Galicia deberá dispoñer da correspondente póliza de seguro que ampare os ditos riscos.

- Responder dos danos que como consecuencia da súa actividade no espazo afectado poidan sufrir terceiros, tendo ademais a Deputación Provincial de Pontevedra a consideración de terceiro aos ditos efectos. Neste senso a Xunta de Galicia deberá dispoñer da correspondente póliza de seguro de responsabilidade civil que ampare os ditos riscos, cun límite mínimo por sinistro dun 1.000.000€.

- Prestar a colaboración necesaria nas facultades de inspección que lle corresponden á Deputación Provincial de Pontevedra para comprobar o cumprimento dos termos da cesión.

- Observación das instrucións e normas de funcionamento interno proporcionadas pola Deputación en consideración co funcionamento xeral do CPF, tendo en conta a integración do edificio no inmovible “Centro de Educación



Especial” onde cohabitan outras actividades, así como a integración do edificio no complexo da cidade.

- Como entidade titular da actividade que desenvolve, o CIFP Carlos Oroza deberá manter actualizado o seu Plan de Autoprotección en coordinación co CPF e en cumprimento do establecido no Plan de Autoprotección xeral do complexo.

Pola Deputación de Pontevedra:

1. Poñer a disposición da Consellería os espazos do edificio “Centro de Educación Especial” que se detallan no ANEXO 1– PLANOS para o desenvolvemento das actividades formativas do CIFP Carlos Oroza.

2. Inspeccionar e controlar o cumprimento das condicións da mutación demanial, e ditar as ordes e instrucións que sexan pertinentes para a conservación e mantemento do edificio, así como aquelas que afecten ao funcionamento interno do CPF.

3. Manter actualizado o Plan de Autoprotección xeral do CPF incorporando as actualizacións que procedan por parte do CIFP Carlos Oroza.

4. A Deputación conservará a titularidade do ben e as potestades para a súa defensa e protección. A Xunta colaborará nesta protección e defensa; non poderá adoptar acto de ningún tipo que implique dispoñibilidade sobre o ben, máis alá dos permitidos segundo este convenio.

CUARTA.- ENTREGA DAS INSTALACIÓNS

Unha vez formalizado o presente convenio, e tramitados os procedementos patrimoniais contemplados na normativa do patrimonio das administracións públicas, nun prazo non superior a 2 meses, procederase a asinar unha acta de entrega da posesión do espazo obxecto da presente mutación demanial. O espazo que se afecte entregarase nas condicións actuais, segundo se describen no referido informe de valoración achegado ao expediente e asinado polo técnico taxador Don Manuel Novas Medin.

Unha vez finalizada a mutación demanial, o espazo afectado deberá devolverse pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade nas mesmas condicións nas que foi entregado.

As obras accesorias ou novas construcións que se leven a cabo no espazo obxecto da mutación, na propia edificación ou dentro da parcela, unha vez finalizado o prazo obxecto da mesma, reverterán a favor da Deputación Pontevedra de Pontevedra.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO



De acordo coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, constitúese unha comisión mixta de seguimento á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non contempladas nel e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Composición:

Formarán parte da Comisión de Seguimento tres representantes de cada unha das administracións asinantes.

Competencias:

- 1. A coordinación entre as administracións asinantes na execución do convenio, ditando para o efecto as instrucións que se consideren oportunas.*
- 2. A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta pola órganos de goberno das administracións asinantes.*
- 3. O estudo e propostas para a transmisión á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, do ben inmovible obxecto da mutación demanial proposta neste convenio.*
- 4. A formulación das propostas que procedan.*

Convocatoria:

Esta realizarase a petición de calquera das partes intervenientes. As súas reunións terán lugar no Centro Príncipe Felipe ou lugar que a Deputación Provincial de Pontevedra determine. Unha vez solicitada a convocatoria por calquera das partes, o prazo máximo para levar a cabo esta reunión será de 15 días naturais.

Na reunión constituínte designarase ao membro que a presidirá e á persoa que exercerá as funcións da Secretaría, que levantará acta das súas reunións.

No seu funcionamento estarase ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

SIXTA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio despregará os seus efectos desde a súa sinatura e terá unha vixencia de dez anos a contar dende a data da súa sinatura.

Poderá prorrogarse por acordo expreso das partes por períodos sucesivos de 5 anos, ata un máximo de dúas prorrogas, previa solicitude da Xunta de Galicia – Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a cal se tramitará cunha antelación de tres meses antes da finalización de cada prazo.



SÉTIMA.- INCUMPRIMENTO E CAUSAS DE EXTINCIÓN

Son causas de resolución do convenio as seguintes:

- O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen o consentimento de ambas as dúas partes. Especialmente, a falta de destino do ben ao fin que xustifica a mutación demanial que se regula neste convenio.

Neste caso, será comunicada á parte incumpridora un requirimento previo a fin de que sexan cumpridas as ditas obrigas ou compromisos. Do requirimento darase traslado á Comisión de Seguimento prevista na cláusula quinta. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento entenderase resolto o convenio.

- O mutuo acordo das partes.

En canto á resolución e aos efectos correspondentes estarase ao establecido nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, na medida en que resulten de aplicación de acordo co obxecto do convenio, e demais normativa igualmente aplicable.

OITAVA.- REVERSIÓN DOS ESPAZOS OBXECTO DA MUTACIÓN DEMANIAL

Unha vez finalizada a mutación, ou por causa de resolución da mesma, a Consellería comprométese a entregar á Deputación o espazo cedido con todas a obras, melloras e accesións efectuadas nos mesmos, sen que teña a Consellería dereito a indemnización económica ningunha polas obras efectuadas. Esta entrega realizarase libre de cargas e gravames.

A resolución anticipada do convenio polo incumprimento da Consellería orixinará as consecuencias do artigo 20 da Lei do patrimonio de Galicia. Se o incumprimento se refire ao destino que xustifica a mutación demanial, a reversión incluírá as melloras e investimentos realizados sen dereito a indemnización.

NOVENA.- NATUREZA XURÍDICA, LEXISLACIÓN SUPLETORIA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS

O presente convenio ten carácter administrativo e constitúe un convenio patrimonial ao abeiro do disposto no artigo 99 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, rexéndose polas cláusulas establecidas nel, polas disposicións aplicables da citada Lei e polo preceptuado nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e demais lexislación aplicable.



As cuestións litixiosas xurdidas que poidan presentarse entre as partes asinantes durante o desenvolvemento e a execución do convenio e que non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula quinta, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Non é esperable a cesión de datos de carácter persoal a consecuencia da execución deste convenio, máis alá dos asinantes ou dos compoñentes da Comisión de Seguimento (chegado o momento), mais, sexa como for, o tratamento dos datos parte do artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Ambas as administracións obríganse en todo caso ao cumprimento da normativa de aplicación, isto é, e principalmente, a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e o Regulamento europeo de Protección de Datos (Regulamento (UE) 2016/679).

DÉCIMA PRIMEIRA.- RELACIÓNS ELECTRÓNICAS

Ambas as administracións públicas, de acordo coa súa condición, relacionaranse electrónicamente a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR), tal e como se preceptúa no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 3.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico so sector público e nos artigos 56 e 60 do Real decreto 203/2021, do 30 marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

Non obstante do anterior, de non poder empregarse o SIR, as diferentes comunicacións entre ambas as dúas administracións efectuaranse a través dos medios de notificación habilitados en cada unha delas.

Ambas as dúas partes, en proba de conformidade, acordan asinar dixitalmente o presente convenio.

*Pola deputación
A presidenta
M^a Carmen Silva Rego*

*Pola consellería
O conselleiro
Román Rodríguez González”*

Segundo.- *A aprobación da mutación demanial, nas condicións que contén o dito convenio, a favor da Xunta de Galicia dun espazo, libre e vacuo, do edificio denominado "Centro de Educación Especial" do CPF, así como dunha superficie perimetral destinada a zona e aparcamento, coa fin desenvolver as actividades formativas ofertadas polo CIFP Carlos Oroza.*



O espazo físico obxecto da mutación demanial é o que figura descrito no Anexo I- Planos e no documento de valoración do dereito de cesión dos bens que obran no expediente.

Terceiro.- *Facúltase á Presidencia para a sinatura do convenio e cantas actuacións sexan necesarias para á realización da mesma.*

Cuarto.- *O Convenio de cesión, unha vez formalizado, será remitido ao Tribunal de Contas de acordo co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.”*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

- 4. Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, sete (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 5. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 6. Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para a mutación demanial a favor da Xunta de Galicia de varios espazos do edificio “*Centro de Educación Especial*” Príncipe Felipe para destinalos ao Centro Integrado de Formación Profesional Carlos Oroza, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do Partido Popular e do BNG.

5. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2/2021.



O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos con data 18 de maio de 2021, en relación coa aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2021, cuxo contido é o seguinte:

“O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 02/2021. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.01/21), por importe de 21.284.000,00 euros, suplementos de créditos (SUP.02/21) por importe de 27.237.131,61 euros, baixas por anulación por importe de 5.420.050,85 euros.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, sendo reducibles os créditos das aplicacións nas que se producen as baixas por anulación, por un total de 5.420.050,85 euros, e a súa vez, engádesse a para o seu financiamento a concertación dunha operación de crédito a longo prazo por importe de 20.000.000,00 euros, que xunto coa utilización de Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, pola cantidade de 23.101.080,76 euros, financian a súa totalidade.

Resultando que o Servizo de Intervención emite informe de data 12 de maio de 2021, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 02/2021.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:

Primeiro: *Aprobar o expediente de modificación de crédito número 02/2021 da Deputación de Pontevedra por importe por importe de 43.101.080,76 euros. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.01/21), por importe de 21.284.000,00*



euros, suplementos de créditos (SUP.02/21) por importe de 27.237.131,61 euros, baixas por anulación por importe de 5.420.050,85 euros. O Detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios "EXT. 01/21":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
332-3322-762,00	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS NO PATRIMONIO HISTÓRICO, (PATRIMONIO DOC. E BIBLIOGRÁFICO)	400.000,00 €
457-1700-651,00	INVESTIMENTOS XESTIONADOS PARA ADMINISTRACIÓN ESTATAL (COSTAS) _ ARQUITECTURA (Restauración ambiental da zona da Xunqueira, fase II: demolición das instalacións do Parque Central de Maquinaria e recuperación ambiental da parcela)	884.000,00 €
942-9420-762,75	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN [Programa Provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid. Programa REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)]	20.000.000,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	21.284.000,00 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 01/21:

- A) No conxunto das aplicación orzamentarias correspondentes ao Centro Xestor "Patrimonio Documental e Bibliográfico", entre outras, a aplicación: 21/332-3322-462.00, conta cunha dotación inicial de 400.000,00€. Ditos créditos imputáronse erroneamente nesta aplicación do capítulo 4º "transferencias para gastos correntes", cando finalidade real é o financiamento de investimentos no patrimonio histórico, cuxa imputación orzamentaria corresponde a subvención do capítulo 7º "transferencias de capital". En consecuencia, para corrixir dito erro, o crédito extraordinario proposto na aplicación 21/332-3322-762.00 financíase con baixas de créditos da aplicación sinalada.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓNS



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
332-3322-462,00	A CONCELLOS, ACTUACIÓN NO PATRIMONIO HISTÓRICO, (PATRIMONIO DOC. E BIBLIOGRÁFICO)	-400.000,00 €
	Total Baixas por Anulacións...	-400.000,00 €

B) O Programa “REACPON” con destino aos Concellos financíase coa concertación dunha operación de crédito, “préstamo a longo prazo” por importe de 20.000.0000,00€, e o resto do expediente financíase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-913,01	PRESTAMOS A LONGO PRAZO_INTERVENCIÓN	20.000.000,00 €
931-870,01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios (EXT. 01/21)...	884.000,00 €
	Total Ingresos...	20.884.000,00 €

2. Suplemento de Crédito “SUP. 02/21”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231-2313-480,02	A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL, INVERSIONES_COHESIÓN SOCIAL (Bases proxectos ONG)	45.000,00 €
232-2312-227,99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS (SERVIZO ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS)_C.P.FELIPE	90.058,00 €
232-2312-632,03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN, MELLORAS _C.P.FELIPE [Escaleiras de emerxencia: 103.002,95€; Celosías e carpintarías de aluminio nas escaleiras dos edificios: 116.369,43€; Mellora enerxética do CEIP Daría González Rodríguez: 1.145.283,62€]	1.364.656,00 €
333.3330.204,00	ARENDAMENTO DE MATERIAL DE TRANSPORTE _MUSEO.	11.500,00 €
456.4530.204,00	ARENDAMENTO DE MATERIAL DE TRANSPORTE _INFRAESTRUTURAS.	55.000,00 €



920.9200.204,00	ARENDAMENTO DE MATERIAL DE TRANSPORTE _S. CENTRAL (PARQUE MOBIL).	57.500,00 €
932.9320.204,00	ARENDAMENTO DE MATERIAL DE TRANSPORTE _ORAL.	9.000,00 €
240-2410-226,99	GASTOS DIVERSOS_PROMOCIÓN DE EMPREGO (Impulso da teleformación na Deputación).	40.000,00 €
250-2315-227,07	TRABALLOS REALIZADOS, PROXECTOS PROMOCIÓN DA IGUALDADE _IGUALDADE (Campaña contra prostitución)	45.000,00 €
250-2315-453,94	CONVENIOS UNIVERSIDADES _IGUALDADE (Convenio coa UNED: XXXII Edicións Cursos de Verán da UNED)	5.000,00 €
250-2315-480,01	A FAMILIAS - ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES _IGUALDADE (Proxecto Sereas: "O papel das mulleres na industria do mar na provincia de Pontevedra: Referentes do pasado". A Fundación "G27745397-FUNDAMAR": 5.000,00€; A Fundación "G36998896-FUNPROMAR": 5.000,00€)	10.000,00 €
324-3243-632,02	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS _ ESCOLA DE CANTEIROS (Reposición da cuberta da Escola de Cantería)	380.000,00 €
330-3340-226,09	GASTOS DIVERSOS. ACTIVIDADES _CULTURA (Patrocinios: "Pontevedra plató de cinema")	30.000,00 €
332-3322-226,10	GASTOS DIVERSOS. MEMORIA HISTÓRICA _PATRIMONIO DOC. E BIBLIOGRÁFICO (Proxecto: "O pasado está por vir")	20.000,00 €
332-3322-227,15	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS - SERVIZO DE PUBLICACIÓNS _PATRIMONIO DOC. E BIBLIOGRÁFICO	20.000,00 €
333-3330-622,01	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS _MUSEO (Edificio para albergar os achádegos arqueolóxicos).	2.200.000,00 €
333-3330-632,03	MELLORAS EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS _MUSEO	2.200.000,00 €
334-3340-489,05	OUTRAS TRANSFERENCIAS. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN _SERVIZOS LINGÜÍSTICOS (Cota Fundación Rosalía)	10.000,00 €
340-3410-489,20	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, CLUBS NACIONALES _DEPORTES.	75.000,00 €
410-1720-453,94	A UNIVERSIDADES, CONVENIOS _MEDIO AMBIENTE (Microplásticos)	30.249,12 €
410-4190-421,10	OUTRAS TRANSFERENCIAS, CONVENIOS CSIC _MEDIO AMBIENTE (Estudos cultivos)	50.000,00 €
410-4190-489,01	OUTRAS TRANSFERENCIAS _MEDIO AMBIENTE (Sustentabilidade enerxética nas explotacións agrogandeiras _Asociación Vento Noso)	37.200,00 €
410-4120-623,01	MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE, ADQUISICIÓN _MEDIO AMBIENTE (Equipos extractores e tubaxes no laboratorio da F. Mouriscade)	42.000,00 €
410-4120-632,01	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS _MEDIO AMBIENTE (Tellado nave gandaría)	95.000,00 €
433-3360-610,01	INVERSIÓNS EN TERREOS _TURISMO. (Iluminación exterior do Castelo de Soutomaioir).	50.000,00 €



433-3360-622,00	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS_TURISMO. (Centro de recepción de visitantes no Castelo de Soutomaior).	590.000,00 €
433-4320-226,20	GASTOS DE PROMOCIÓN_TURISMO.	50.000,00 €
456-4530-612,01	INVESTIMENTOS EN ESTRADAS: SEGURANZA VIARIA, SINALIZACIÓN_INFRAESTRUTURAS (Proxectos firmes)	2.000.000,00 €
456-4530-612,02	INVESTIMENTOS EN ESTRADAS, CONVENIOS_INFRAESTRUTURAS	3.418.433,75 €
456-9420-226,06	CONGRESOS, XORNADAS E EVENTOS EN MOBILIDADE_INFRAESTRUTURAS	70.000,00 €
456-9420-489,10	A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES DE MOBILIDADE_INFRAESTRUTURAS (G90061771-Rede Cidades que camiñan para posta en marcha da "Facultade Ágora")	30.000,00 €
457-4500-622,03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS_ARQUITECTURA (Proxecto de dixitalización e rehabilitación enerxética do Pazo Provincial).	600.000,00 €
457-4500-622,03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS_ARQUITECTURA (Restauración ambiental da zona da Xunqueira, fase I: Traslado das instalacións do Parque Central de Maquinaria ao Polígono Outeda-Curro).	2.190.000,00 €
923-1360-462.05	A CONCELLOS, GRUPOS DE EMERXENCIAS COMUNITARIOS (GES)_SAIM, (GES de Redondela-Mos, A Lama, A Cañiza e Moraña)	336.000,00 €
923-1623-227,07	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS - ACTIVIDADES E SERVIZOS. "REVITALIZA"_SAIM	600.000,00 €
923-1623-479,01	AO SECTOR PRIMARIO, CONVENIOS PARA TRATAMENTO E XESTIÓN DE RESIDUOS. "REVITALIZA"_SAIM	700.000,00 €
923-1623-762,49	A CONCELLOS, AQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA TRATAMENTO E XESTIÓN DE RESIDUOS. "REVITALIZA"_SAIM	1.000.000,00 €
932-9320-227.08	SERVIZOS DE RECADACIÓN A FAVOR DO ORAL (Recadación executiva AEAT),.	587.983,89 €
926-9260-626,01	EQUIPOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN_TIC, [(multiplexor de liñas entre os Centros de Proceso de Datos (CPD) e compra de ordenadores (PC e portátiles)]	136.000,00 €
926-9260-641,00	ADQUISICIÓN APLICACIÓNS INFORMÁTICAS_TIC	37.000,00 €
942-4330-626.01	EQUIPOS PROCESOS DE INFORMACIÓN (VIVEIROS) - COOPERACIÓN (Adquisición "FAB_LAB")	12.000,00 €
942-3420-762,58	A CONCELLOS, CONVENIO ESTADIO BALAIIDOS_COOPERACIÓN (Convenio: Nova Grada Marcador)	4.020.050,85 €
942-4390-120,51	SOLDOS, FUNC. INTERINOS SEN PRAZA - "VISIT RIO MINHO"_COOPERACIÓN	30.000,00 €
942-4390-227,06	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS - "VISIT RIO MINHO"_COOPERACIÓN	30.000,00 €
942-9432-120,51	SOLDOS, FUNC. INTERINOS SEN PRAZA - "SMART MINHO"_COOPERACIÓN	30.000,00 €
942-9432-227,06	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS - "SMART MINHO"_COOPERACIÓN	20.000,00 €



942-9431-609,10	INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUTURAS TRANSFRONTEIRIZAS _ COOPERACIÓN	40.000,00 €
942-9420-227.06	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS_ COOPERACIÓN	37.500,00 €
942-9420-762,14	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIOS _ COOPERACIÓN	3.700.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	27.237.131,61 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 02/21:

A) O expediente finánciase por unha parte con baixas de créditos das aplicacións que se relacionan, sinalando que:

- O suplemento de crédito na aplicación 21/942-3420-762,58, por importe de 4.020.050,85 €, con destino ao financiamento de parte do convenio de colaboración con Concello de Vigo, para continuar coa remodelación do “Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos - Nova Grada Marcador”, finánciase con baixas de créditos incorporados de exercicios anteriores previstas para remodelación de dito Estadio.
- Parte do suplemento da aplicación 21/942-9420-762.14, na cantidade de 1.000.000,00€, fináncianse con baixas de créditos incorporados do exercicio 2019, para actualización dos convenios.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓNS

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-3420-762,58/16	A CONCELLOS, CONVENIO ESTADIO BALAIÓDOS_ COOPERACIÓN	-220.050,85 €
942-3420-762,58/20	A CONCELLOS, CONVENIO ESTADIO BALAIÓDOS_ COOPERACIÓN	-3.800.000,00 €
942-9420-762,14/19	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS EN CONVENIOS _ COOPERACIÓN	-1.000.000,00 €
	Total Baixas por Anulacións...	-5.020.050,85 €

B) O resto do expediente finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:



REMANENTE DE TESOURERÍA UTILIZADO:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Crédito...	22.217.080,76 €
	TOTAL...	22.217.080,76 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	27.237.131,61 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	21.284.000,00 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-5.420.050,85 €
SUMA...	43.101.080,76 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:
ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 8º Activos financeiros.	23.101.080,76 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	20.000.000,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOOS...	43.101.080,76 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	60.000,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	1.773.541,89 €
Capítulo 4º Transferencia correntes.	928.449,12 €
Capítulo 6º Inversións reais.	16.239.089,75 €
Capítulo 7º Transferencia de capital.	24.100.000,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOOS...	43.101.080,76 €

3. Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo como subvencións nominativas aos Servizos de Igualdade e Asistencia Intermunicipal (SAIM), as seguintes:


APLICACIÓN			BENEFICIARIO/ FINALIDADE	IMPORTE	Obxecto e finalidade
250	2315	45394	CONVENIOS UNIVERSIDADES. IGUALDADE	80.500 €	
		Q3600439H	CONSORCIO UNIVERSITARIO DA UNED PONTEVEDRA	5.000 €	XXXII Edicións Cursos de Verán da UNED

APLICACIÓN			BENEFICIARIO/ FINALIDADE	IMPORTE	Obxecto e finalidade
250	2315	48001	A FAMILIAS - ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES_IGUALDADE	150.000 €	
		G27745397	Fundación FUNDAMAR:	5.000 €	(Proxecto Sereas: "O papel das mulleres na industria do mar na provincia de Pontevedra: Referentes do pasado")
		G36998896	Fundación FUNPROMAR"	5.000 €	(Proxecto Sereas: "O papel das mulleres na industria do mar na provincia de Pontevedra: Referentes do pasado")

APLICACIÓN			BENEFICIARIO/ FINALIDADE	IMPORTE	Obxecto e finalidade
923	1360	46205	A CONCELLOS- GRUPOS EMERXENCIAS COMUNITARIAS (GES)	983.003 €	
		P3605100A	MANTEMENTO GES CONCELLO DE SANXENXO	62.000,00 €	MANTEMENTO GRUPO GES MUNICIPAL
		P8605705F	MANTEMENTO GES CONCELLOS DO VAL MIÑOR	112.000,00 €	MANTEMENTO GRUPO GES MUNICIPAL
		P3602300J	MANTEMENTO GES CONCELLO DA GUARDA	112.000,00 €	MANTEMENTO GRUPO GES MUNICIPAL
		P3602400H	MANTEMENTO GES CONCELLO DE LALÍN	54.500,00 €	MANTEMENTO GRUPO GES MUNICIPAL
		P3601700B	MANTEMENTO GES CONCELLO DA ESTRADA	90.833,00 €	MANTEMENTO GRUPO GES MUNICIPAL
		P3604200J	MANTEMENTO GES CONCELLO DE PONTEAREAS	62.000,00 €	MANTEMENTO GRUPO GES MUNICIPAL
		P3604500C	MANTEMENTO GES CONCELLO DE REDONDELA	56.000,00 €	MANTEMENTO GRUPO GES MUNICIPAL



P3602500E	MANTEMENTO GES CONCELLO DE MOS	56.000,00 €	MANTEMENTO GRUPO GES MUNICIPAL
P3600900I	MANTEMENTO GES CONCELLO DA LAMA	112.000,00 €	MANTEMENTO GRUPO GES MUNICIPAL
P3603200A	MANTEMENTO GES CONCELLO DE A CAÑIZA	112.000,00 €	MANTEMENTO GRUPO GES MUNICIPAL
P3603300I	MANTEMENTO GES CONCELLO DE MORAÑA	112.000,00 €	MANTEMENTO GRUPO GES MUNICIPAL

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 02/2021 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.01/21), por importe de 21.284.000,00 euros, suplementos de créditos (SUP.02/21) por importe de 27.237.131,61 euros, baixas por anulación por importe de 5.420.050,85 euros, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 02/2021, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

- Votos a favor: (10)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- Votos en contra: (0)**, ningún.
- Abstencións: (7)**, sete do grupo provincial do Partido Popular.



A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2021, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG, e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do grupo provincial.

6. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA CONCERTACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO CON APERTURA DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 20.000.000,00 €.

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada polo Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL con data 18 de maio de 2021, en relación coa aprobación do expediente para concertación dunha operación de préstamo a longo prazo con apertura de crédito por importe de 20.000.000,00 euros, cuxo contido é o seguinte:

“O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación da concertación cunha entidade financeira dunha operación de “préstamo con apertura de crédito” a través dunha operación a longo prazo por un importe de 20.000.000,00 euros co obxectivo de financiar investimentos do “Programa Provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid (REACPON) con destino aos Concellos da Provincia”, por un prazo de 13 anos incluíndo 3 anos de carencia e disposición, con cotas de amortización trimestrais durante os 10 últimos anos polo método constante e liquidación de intereses trimestral.

De conformidade do disposto no artigo 48 bis do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, todas as operacións financeiras que subscriban as entidades locais están suxeitas ao principio de prudencia financeira. Pola Intervención emítiuse o correspondente informe sobre as condicións que rexen a concertación da operación de “préstamo con apertura de crédito” en aplicación do principio de prudencia financeira.

Resultando que con data do 11 de maio de 2021, por parte da Secretaría Xeral emítese informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir na



tramitación do expediente para concertación dunha operación de préstamo a longo prazo con apertura de crédito por importe de 20.000.000,00 euros.

Resultando que con data do 12 de maio de 2021, emítese informe por parte da Intervención sobre os aspectos referidos á competencia, os recursos con que conta a corporación provincial, efectos sobre a estabilidade orzamentaria e características da citada operación de préstamo a longo prazo.

Considerando que de conformidade co establecido nos artigos 33.2.j) e 47.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local o Pleno é órgano competente para aprobación da concertación cunha entidade financeira dunha operación de “préstamo con apertura de crédito” a través dunha operación a longo prazo por un importe de 20.000.000,00 euros.

O Pleno de conformidade co Ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:

Primeiro: *Aprobar o expediente para a concertación dunha operación de “préstamo a longo prazo con apertura de crédito” para financiar o “Programa Provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid (REACPON) con destino aos Concellos da Provincia”, coas seguintes características:*

- *Tipo de operación: PRÉSTAMO CON APERTURA DE CRÉDITO.*
- *O importe da operación: 20.000.000,00 €.*
- *Prazo total da operación: 13 anos.*
- *Prazo de carencia: Os 3 primeiros anos*
- *Prazo de disposición: Os 3 primeiros anos*
- *Prazo de amortización: 10 anos*
- *Período de liquidación de intereses e amortización: Trimestral.*
- *Tipo de interese: [Fixo ou Variable].*
- *Comisións de non dispoñibilidade: máximo 0,1% anual.*



Segundo: *Aprobar o prego de cláusulas técnicas e administrativas que rexerán en dito procedemento de concertación como norma fundamental do contrato.*

Terceiro: *Delegar na Presidencia a cuantificación do valor do “Custo Total Máximo” de acordo cos datos da última actualización mensual publicada da táboa do Anexo I da Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais publicada no Boletín Oficial do Estado número 160, de 6 de xullo de 2017, vixente no momento de apertura do proceso de licitación, incorporándose como anexo dos pregos.*

Cuarto: *Iniciar o procedemento para a concertación desta operación de préstamo a longo prazo con apertura de crédito por importe de 20.000.000,00 euros, indicando que esta operación debe estar adxudicada e formalizada antes do 31 de decembro de 2021.”*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (10)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (7)**, sete do grupo provincial do Partido Popular.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á aprobación do expediente para concertación dunha operación de préstamo a longo prazo con apertura de crédito por importe de 20.000.000,00 euros, cos votos a favor das Deputadas e



Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG, e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do grupo provincial.

7. MOCIÓN DO GOBERNO PARA SOLICITAR A ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN COMO MEMBRO Á ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA.

O Deputado, Carlos López Font, con data 18 de maio de 2021 asinou una “*Moción do Goberno*” para someter á consideración do Pleno a adopción dun acordo polo que a Deputación de Pontevedra solicita adherirse como membro á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, con expresa aceptación dos seus estatutos, designando como representante en dita Asociación á deputada delegada de Normalización lingüística e servizos lingüísticos, Dona María Ortega Iñarrea.

O Presidente da Comisión dálle a palabra ao Secretario Xeral que manifesta que a deputada delegada de Normalización lingüística e servizos lingüísticos, Dona María Ortega Iñarrea efectuou unha suxerencia para cumprir coa linguaxe inclusiva no texto da moción, indicando que no primeiro parágrafo en lugar de “*cos seus administrados*” debe figurar “*coas persoas administradas*”.

O voceiro do grupo do Partido Popular pregunta se esta “*Moción do Goberno*” que se somete a ditame podería tratarse como unha declaración institucional manifestando que se ía a votar favorablemente polo seu grupo.

O Secretario Xeral informa que dado o contido do texto que se somete a ditame da comisión informativa é correcto tanto o tratamento como unha moción como tamén se se utilizase a forma dunha declaración institucional.

A continuación o Presidente da Comisión somete a debate a “*Moción do Goberno*” unha vez introducida a modificación solicitada pola Deputada, María Ortega Iñarrea, cuxo contido definitivo é o seguinte:

MOCIÓN DO GOBERNO

A Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega constituíuse co fin de consolidar o papel normalizador das corporacións locais no uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación coas persoas administradas e para



desenvolver proxectos de normalización lingüística entre as distintas institucións de xeito conxunto para acadar unha xestión máis eficaz en materia de lingua.

O art. 8 dos Estatutos da citada Asociación, establece que “as entidades locais interesadas deberán expresar a súa vontade de adhesión mediante un acordo do órgano competente da corporación, que expresará tamén a aceptación dos seus estatutos.”

Resultando que é desexo desta Deputación adherirse como membro á citada Asociación.

Considerando o disposto nos arts. 34.1,b) da Lei 7/85, de 2 de abril, 58,c) do RD 2568/86, de 28 de novembro e 28 do Regulamento orgánico provincial e vistos os Estatutos da citada Asociación.

A Presidencia somete á consideración do Pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1. A Deputación de Pontevedra solicita adherirse como membro á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, con expresa aceptación dos seus estatutos.*
- 2. Désígnase representante en dita Asociación á deputada delegada de Normalización lingüística e servizos lingüísticos, Dona María Ortega Iñarrea.*

Sometida a votación a “Moción do Goberno” para someter á consideración do Pleno a adopción dun acordo polo que a Deputación de Pontevedra solicita adherirse como membro á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, sete (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a “Moción do Goberno” para someter á consideración do Pleno a adopción dun acordo polo que a Deputación de Pontevedra solicita adherirse



como membro á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, con expresa aceptación dos seus estatutos, designando como representante en dita Asociación á deputada delegada de Normalización lingüística e servizos lingüísticos, Dona María Ortega Iñarrea, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do Partido Popular e do BNG.

8. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR O GOBERNO DE ESPAÑA A ANULAR AS SUBIDAS DE IMPOSTOS QUE ENTRARON EN VIGOR EN 2021, A NON IMPLANTAR PEAXES NA AUTOESTRADA E NAS AUTOVÍAS NIN INCREMENTAR NIN FACER NOVOS TRIBUTOS INCLUÍDOS NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA ENVIADO A BRUXELAS.

O Deputado, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso presentou o día 14 de maio de 2021 co número de rexistro WEB 2021021681 unha moción do grupo provincial do Partido Popular asinada polo Deputado, Alfonso Marnotes González con data 14 de maio de 2021, para instar o Goberno de España a anular as subidas de impostos que entraron en vigor en 2021, a non implantar peaxes na autoestrada e nas autovías nin incrementar nin facer novos tributos incluídos no plan de recuperación, transformación e resiliencia enviado a Bruxelas, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO PROVINCIAL POPULAR DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA INSTAR O GOBERNO DE ESPAÑA A ANULAR AS SUBIDAS DE IMPOSTOS QUE ENTRARON EN VIGOR EN 2021, A NON IMPLANTAR PEAXES NA AUTOESTRADA E NAS AUTOVÍAS NIN INCREMENTAR NIN FACER E NOVOS TRIBUTOS INCLUÍDOS NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA ENVIADO A BRUXELAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2020, o PIB español afundiuse un 11%. Trátase da maior caída desde que se teñen datos, desde o fin da Guerra Civil, e a maior dos países da OCDE.

A débeda pública española alcanzou os 1,37 billóns de euros, a cifra máis alta desde a guerra de Cuba. En só un ano, a débeda de España incrementouse en 122.439 millóns de euros e escalou ata supoñer o 122% do PIB.



Para entendelo mellor, o incremento da débeda do ano 2020 “comeríase” o 88% dos fondos de recuperación que o noso país recibirá da Unión Europea nos próximos ata 2026 (140.000 millóns de euros).

En 2020, España destruíu 622.000 empregos e a taxa de paro ascendeu ao 16,13%. Segundo os datos de Eurostat, case o 40% do aumento do paro na eurozona concentrouse en España, situándose o noso país á cabeza do desemprego en Europa. Na Provincia pechamos 2020 con 73.130 persoas desempregadas, 8.126 máis que en decembro do ano anterior.

En 2021, o panorama non é máis alentador xa que, no primeiro trimestre do ano, España destruíu 137.000 empregos.

Na actualidade, máis de 6 millóns de españois queren traballar pero non poden, 2 millóns engrosan as “colas da fame” e 1,2 millóns de fogares teñen a todos os seus membros en paro.

Pois ben, no peor momento das últimas décadas, o Goberno de España decidiu subir a presión fiscal ás familias.

Así, nos Orzamentos Xerais do Estado para 2021 incluíuse un aumento de recadación derivado da subida de impostos por importe de 8.000 millóns de euros.

Desde o 1 xaneiro de 2021:

- subiu o imposto de matriculación*
- incrementouse o IVE/IVE das bebidas azucradas ata o 21%*
- as pólizas de seguros de fogar, de vehículos, de decesos, do comercio etc. que teñen 17,8 millóns de españois, o 95% das familias, subiron ao aumentar o imposto aos seguros.*
- comezaron a funcionar as taxas Google e Tobin que se aplican sobre determinados servizos dixitais e sobre as transaccións financeiras respectivamente.*
- as desgravacións que teñen millóns de españois polos seus respectivos plans de pensións, -que tanto se incentivaron ata o de agora como aforro-, quedaron reducidas a unha mínima contía.*

Mentres os distintos gobernos da Unión Europea han optado por baixar a presión fiscal aos cidadáns, o goberno de Sánchez decide subilos cando os ingresos en



familias, autónomos ou empresas están a verse moi reducidos e, nalgúns casos, desapareceron, contribuíndo ao maior empobrecemento dos españois, especialmente aqueles con rendas medias e baixas.

Case todos os estudos coinciden en sinalar que o 84% dos novos ingresos estatais obteranse de familias de rendas medias e medias/baixas. Só un 16% da nova recadación, aproximadamente, chegará ás arcas do Estado desde as persoas que teñen un maior poder adquisitivo.

Por se o "sabrazo fiscal" incluído nos PGE para 2021 non fose suficiente coñecemos, que, entre os máis de 2.000 folios do "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia" enviado a Bruxelas, o Goberno de España esconde unha subida histórica de impostos.

Entre o aspecto máis destacados podemos mencionar:

- a eliminación da redución por tributación conxunta no IRPF que beneficia a 3,7 millóns de fogares, sobre todo se teñen fillos a cargo e un dos cónxuxes está en paro ou rexistra uns ingresos moi baixos.*
- a eliminación ou modificación de 13 beneficios fiscais (reducións, exencións, bonificacións) desde os tipos reducidos de IVE/IVE ou a exención deste tributo en sanidade e educación, a redución en IRPF por alugueiro de vivendas ou as bonificacións dos hidrocarburos utilizados como carburante (é dicir, aumento do imposto que grava o diesel).*
- establecerase un imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiro e á incineración e outro que grave os envases de plástico non reutilizables*

Especial atención e rexeitamento merece a intención do goberno de que a partir de 2024 se imponha o pago por uso (peaxe) nas vías de alta capacidade (autoestradas e autovías) non só estatais senón tamén autonómicas. O cal deixa en evidencia que a eliminación ou bonificación da peaxe da AP era un puro anuncio propagandístico. No só non se eliminará, se non que se establecerá un novo peaxe nas dúas autovías da provincia, que nos conectan coa meseta e con Portugal o que terá un enorme impacto económico na competitividade da provincia e no peto da cidadanía. Xa non digamos se se pretende implantar peaxe nas autovías autonómicas do Morrazo ou do Salnés, o que suporía unha condena para esas comarcas.

A escusa que esgrime o goberno para perpetrar este atraco á sociedade é que "España presenta un diferencial negativo de ingresos en relación coa Unión Europea" e que hai que "achegar os niveis de tributación de España á media dos



países da nosa contorna" (Páx.1 do "Compoñente 28-Adaptación do sistema impositivo á realidade do século XXI" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia).

Tamén argumentou que pretende igualar a presión fiscal española á media europea subindo impostos aos ricos que permitirán poder financiar un maior gasto social.

Ante isto hai que sinalar que a presión fiscal non é, segundo todos os expertos, o mellor indicador para valorar se un país carga aos seus cidadáns con moitos impostos ou non.

Isto é así porque en España hai unha serie de factores que provocan que a cifra de recadación e por tanto, o cociente de recadación en relación ao PIB (presión fiscal), sexan baixos:

taxa de desemprego que dobra a media europea, baixa renda per cápita, maior peso da economía mergullada, etc.

Por todo, iso é máis correcto analizar o índice de esforzo fiscal que relaciona a recadación coa capacidade económica do contribuínte. E segundo este indicador, España atópase xa entre os 5 países da OCDE que maior esforzo fiscal esixen aos seus cidadáns.

E como xa vimos as subidas do impostos previstas polo Goberno afectan maioritariamente as clases medias e baixas, non aos ricos.

Polo exposto, o Grupo Provincial presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: *A Deputación de Pontevedra instar o goberno de España a:*

- 1- Anular o incremento de impostos incluído nos PGE para 2021.*
- 2- Non poñer en marcha as subidas de impostos, os novos tributos e as peaxes nas autovías e autoestradas españolas incluídos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*
- 3- Descartar a eliminación dos beneficios fiscais que figuran no documento enviado á Unión Europea.*



SEGUNDO: Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, ás presidentas do Congreso e do Senado, -así como aos Portavoces dos Grupos Políticos destas cámaras-, e á Xunta de Goberno da FEMP.”

Sometida a votación a moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar o Goberno de España a anular as subidas de impostos que entraron en vigor en 2021, a non implantar peaxes na autoestrada e nas autovías nin incrementar nin facer novos tributos incluídos no plan de recuperación, transformación e resiliencia enviado a Bruxelas, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (7)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (10)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar o Goberno de España a anular as subidas de impostos que entraron en vigor en 2021, a non implantar peaxes na autoestrada e nas autovías nin incrementar nin facer novos tributos incluídos no plan de recuperación, transformación e resiliencia enviado a Bruxelas, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e cos votos en contra das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG.

9. CORRECCIÓN DE ERRO ARITMÉTICO NA ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO QUE REGULA AS OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN PARA O ANO 2021.

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio con data 18 de maio de 2021, en relación coa corrección de erro aritmético no acordo da sesión plenaria de 26 de marzo de 2021 (nº 3.7582) correspondente á adxudicación do acordo



marco que regula as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación para o ano 2021, cuxo contido é o seguinte:

“Visto o erro aritmético detectado no acordo adoptado polo Pleno da Corporación Provincial na súa sesión de data 26 de marzo de 2021 (número 3.7582), de adxudicación do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación para o ano 2021.

Considerando.- Que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, da cordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

O Pleno acorda,

- Corrixir o citado erro no seguinte senso:

ONDE DI:

“...

LOTE 5.- ZONA E

EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	723.075,87 €

Dos prezos unitarios ofertados resulta unha porcentaxe de baixa do 15,395 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

(...)

DEBE DICIR:

“...

LOTE 5.- ZONA E

EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	723.075,87 €



*Dos prezos unitarios ofertados resulta unha porcentaxe de baixa do **15,730%**. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM*

(...)”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, sete (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.

- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.

- 3. Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á corrección de erro aritmético no acordo da sesión plenaria de 26 de marzo de 2021 (nº 3.7582) correspondente á adxudicación do acordo marco que regula as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación para o ano 2021, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do Partido Popular e do BNG.

10. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL DE 2021.

A Intervención con data 12 de maio de 2021, elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de abril de 2021, onde se deixa constancia do seguinte:



“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ó mes ou ó trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola universitaria de Enfermería, Consocio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ó mes de abril de 2021 que se expón a continuación:

PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES ABRIL DE 2021

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Abril	10,4821412050	3.128.028,52	7,4447718273	500.409,73	10,0632477072
Escola de Enfermería	Abril	2,0572791111	4.575,49	0,0000000000	0,00	2,0572791111
Consorcio de Incendios e Salvamento	Abril	13,0779089081	1.091.854,86	0,0000000000	0,00	13,0779089081



Consortio Deza Tabeirós	Abril	7,8715270700	4.987,75	8,3434095600	9.364,62	8,1794204844
TOTAL			4.229.446,62		509.774,35	10,7443520257

*En base ós cálculos detallados nestes informes ponse de manifesto que se **cumpre** co período medio de pago legalmente previsto”.*

A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital queda enterada do contido do **informe do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de abril de 2021 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios Deza e Tabeiros-Terra de Montes**, en relación ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciron.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as doce horas e dez minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión

Asdo.: José Antonio Gulías Varela

(Documento asinado electrónicamente ó marxe)

